



O CENTRO DE SAÚDE DE LAVADORES PON EN MARCHA UNHA ÁREA DE RESPONSABILIDADE DA MULLER

- *Esta nova consulta específica de atención á muller inicia hoxe o seu funcionamento baixo o lema "Estamos para escoitar"*
- *O 30% das mulleres que acoden aos centros de saúde da área sufriron maltrato nalgunha ocasión*
- *Con motivo do Día Internacional da Muller o equipo do centro de saúde de Lavadores desenvolveu unha iniciativa para reiterar o seu compromiso coas mulleres*
- *A día de hoxe, as mulleres representan o 80% de todo o persoal da sanidade pública da área de Vigo*

Vigo, 8 de marzo de 2023. "Estamos para escoitar" é o lema baixo o que hoxe se puxo en marcha a *Área de Responsabilidade da Muller*, un novo servizo no centro de saúde de Lavadores. Trátase dunha consulta específica atendida por unha enfermeira, Susana Álvarez, para calquera muller con algún problema de violencia física ou psíquica.



Segundo explica a xefa do servizo deste centro de saúde, Carmen Durán "este proxecto nace dun grupo de enfermeiras que, preocupadas e comprometidas con este tipo de problemática das mulleres, veñen detectando casos de violencia, moitas veces invisibles, que as vítimas só son capaces de verbalizar nun ambiente seguro e de confianza. A estas mulleres queremos escoitalas e axudarlles na busca de solucións".

Segundo o último estudo realizado na Área Sanitaria de Vigo, o 30% das mulleres que acoden aos centros de Atención Primaria sufriron algún tipo de violencia de xénero nalgún momento da súa vida. Neste senso, "os equipos de profesionais sanitarios xogamos un papel fundamental na detección destes casos, xa que aínda que non todas



as mulleres denunciaren, o 100% delas van a acabar nas nosas consultas, debido ás repercusións da violencia na súa saúde”, asegura a doutora Durán.

Formación aos profesionais

O pasado ano, na Área Sanitaria de Vigo creouse un grupo de traballo liderado pola doutora Rosana Izquierdo, do centro de saúde de Sárdoma, para desenvolver un programa de formación específica en violencia de xénero ao persoal de Atención Primaria.

Con esta formación trátase de facilitarlle ao persoal sanitario ferramentas para incrementar a súa capacidade de detección destes casos de violencia machista, que ás veces é moi difícil de detectar, sobre todo a psicolóxica.

Ademais, unha vez detectado un caso, é importante realizar unha intervención segura e eficaz, polo que os profesionais deben coñecer os recursos dispoñibles e os procedementos de derivación aos servizos competentes.

Actividades conmemorativas en Lavadores

O centro de saúde de Lavadores conmemora hoxe de xeito especial o *Día Internacional da Muller* cunha iniciativa para homenaxear a aquelas cuxas achegas melloraron a nosa vida e contribuíron a facer un mundo mellor. Así, colocaron fotografías destas mulleres na portas das consultas xunto coa súa achega histórica.

Trátase de 17 mulleres, entre as que se pode subliñar a Isabel Zenda, primeira enfermeira da historia en participar nunha misión sanitaria e de saúde pública; Margarita Salas, descubriu a replicación do ADN; Elvira Dávila, pioneira das transfusións de sangue; Elvira López, enfermeira militar que participou no primeiro voo da aviación sanitaria española; Letitia Mumford, inventou e patentou a xiringa que se pode usar cunha soa man; Anita Dorr, deseñadora do primeiro carro de paradas con medicación, etcétera.



Ademais, editaron uns dípticos que entregaron aos usuarios do centro, no que reiteran o firme compromiso dos profesionais do centro coas mulleres.



80% son mulleres

Doutra banda, con motivo do Día da Muller, a Área Sanitaria de Vigo fai público o seguinte dato: a día de hoxe as mulleres representan o 80% de todo o persoal, das diferentes categorías profesionais, que traballan na sanidade pública desta área.